



CONCELLO DE IRIXOA (A Coruña)

I CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL 2018

As bases polas que se rexerá o Concurso de postais de Nadal con mensaxe son:

Primeira

Poderán participar todas as persoas interesadas, sempre e cando cumpran os requisitos establecidos.

Segunda

Establécense catro categorías:

- De 4 a 7 anos
- De 8 a 12 anos
- De 13 a 16 anos

Terceira

A participación deberá ser individual, de maneira que non se aceptarán postais de grupo ou colectivas. Valoraranse a presentación, o esforzo e a orixinalidade da postal, así como a lingua e o contido da mensaxe

Cuarta

As postais terán seguintes dimensións: entre 21x15, e máximo A4 (folio), presentadas en cartolina. Poden entregarse na técnica que cada un considere oportuna, pero deberán incluír unha mensaxe de felicitación de Nadal en lingua galega.

Quinta

Aceptaranse como máximo dúas postais por participante. No caso de non presentarse un mínimo de tres postais por cada categoría o xurado pode declarar esa categoría deserta.

Sexta

Os concursantes presentarán as súas postais nas Oficinas Municipais do Concello de Irixoa de luns a venres de 8:30 a 15:00 horas, ou por coreo ordinario con data límite o día 27 de novembro. Na parte posterior figurará o título da obra e os datos do autor. Debe indicarse datos persoais: nome e apelidos, idade, teléfono de contacto e correo-electrónico si o tiver.

Sétima

Entre todos os participantes, elixirase un primeiro premio por cada categoría

O gañador de cada unha das tres categorías, recibirá un diploma acreditativo e un agasallo:



CONCELLO DE IRIXOA (A Coruña)

1ª categoría: un vale regalo por valor de 50 € para mercar material de papelería ou librería

2ª categoría: un vale regalo por valor de 50 € para mercar material de papelería ou librería

3ª categoría: un vale regalo por valor de 50 € para mercar material de papelería ou librería

O día 28 de novembro o xurado dará a coñecer o gañador de cada categoría. A partir do día 17 de decembro as postais estarán expostas no Polideportivo Municipal.

Oitava

Os premios entregaranse o día 05/01/2019 antes da recepción dos Reis Magos de Oriente no polideportivo municipal.

Novena

Coa aceptación do premio, o gañador consente na cesión dos dereitos sobre a obra presentada a concurso ao Concello de Irixoa. O xurado entre as postais gañadoras elixira dúas que serán as que usará para realizar o calendario e a postal que cada ano entrega a veciñanza.

Décima

Os datos persoais serán tratados de conformidade coas bases do concurso, non cedendose ou comunicándose os mesmos a terceiros. As persoas participantes dan o seu consentimento para que o Concello de Irixoa poida usar as postais gañadoras para a súa publicación ou uso con fin publicitarios.

Undécima

O xurado estará composto por:

Presidente: Antonio Deibe Sanmartín, alcalde de Irixoa

Secretaria: Maria Elisa Alonso Figueroa, animadora sociocultural

Vogal: María del Pilar Cabezal, educadora familiar

Vogal: Juan Manuel Freire Golpe, concelleiro de Cultura e Educación

Duodécima

A participación no concurso implica a aceptación destas bases. O decisión do xurado será inapelable.